

CURSO 2021-2022

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA



IES Virxe do Mar

Departamento de Física e Química

Noia (A Coruña)

ÍNDICE

1. Presentación.....	4
1.1 Membros do departamento.....	4
1.2 Introducción e contextualización.....	4
2. Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).....	6
2.1. Obxectivos.....	6
2.2. Competencias.....	7
2.3. Programación dos bloques de unidades... ..	9
2.4. Física e Química 2º ESO.....	10
2.4.1. Actividades.....	18
2.4.2. Temporalización.....	18
2.4.3. Mínimos esixibéis.....	18
2.4.4. Elementos transversais.....	21
2.5. Física e Química 3º ESO.....	23
2.5.1. Actividades.....	30
2.5.2. Temporalización.....	30
2.5.3. Mínimos esixibéis.....	30
2.5.4. Elementos transversais.....	32
2.6. Física e Química 4º ESO.....	34
2.6.1. Actividades.....	45
2.6.2. Temporalización.....	45
2.6.3. Mínimos esixibéis.....	45
2.6.4. Elementos transversais.....	49
2.7. Principios metodolóxicos.....	52
2.8. Atención á diversidade.....	53
2.9. Procedementos e instrumentos de avaliación en Secundaria.....	54
2.10. Criterios para determinar a cualificación da avaliación.....	55
2.11. Cualificación da avaliación en secundaria.....	56
2.12. Probas de recuperación ordinaria en Secundaria.....	56
2.13. Criterios para determinar a cualificación final ordinaria e criterios de promoción.....	56
2.14. Criterios para determinar a cualificación extraordinaria de setembro.....	57
2.15. Criterios xerais de corrección dos exames en Secundaria.....	57
2.16. Indicadores de logro para avalizar o proceso de ensino e a práctica docente en secundaria.....	58
3. Bacharelato.....	60
3.1. Obxectivos.....	60
3.2. Física e Química 1º de Bacharelato.....	62
3.2.1. Actividades.....	77
3.2.2. Temporalización.....	77

3.2.3. Mínimos esixíbeis.....	78
3.3. Física 2º Bacharelato.....	81
3.3.1. Actividades.....	97
3.3.2. Temporalización.....	97
3.3.3. Mínimos exisíbeis.....	97
3.4. Química 2º Bacharelato.....	102
3.4.1. Actividades.....	114
3.4.2. Temporalización.....	114
3.3.3. Mínimos exisíbeis.....	115
3.5. Principios metodolóxicos no Bacharelato.....	119
3.6. Procedementos e instrumentos de avaliación en Bacharelato.....	120
3.7. Criterios para determinar a cualificación da avaliación en Bacharelato.....	122
3.8. Cualificación da avaliación en Bacharelato.....	123
3.9. Probas de recuperación ordinaria en Bacharelato.....	124
3.10. Criterios sobre a cualificación final ordinaria e criterios de promoción no Bacharelato.....	124
3.11. Criterios para determinar a cualificación extraordinaria en bacharelato.....	125
3.12. Criterios xerais de corrección dos exames.....	125
3.13. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente en Bacharelato.....	126
4. Avaliación de alumnos/as con materias pendentas.....	128
5. Procedementos para acreditar os coñecementos previos.....	129
6. Accións de contribución ao proxecto lector.....	129
7. Contribución ao plan TIC.....	130
8. Actividades complementarias e extraescolares.....	130
9. Avaliación da programación.....	131
10. Materiais e recursos didácticos.....	131
11. Anexo: situación Covid-19.....	133
11.1. Formas de actuación nas diferentes situacións que se poden presentar no curso 2021-2022.....	134
11.2. Cualificación da materia nas diferentes situacións que se poden presentar no curso 2021-2022.....	134

1. PRESENTACIÓN

1.1. MEMBROS DO DEPARTAMENTO

A programación do Departamento de Física e Química do IES Virxe do Mar de Noia (A Coruña), para as materias deste Departamento, foi elaborada polo profesorado do mesmo de acordo coa lexislación vixente. Os/as profesores/as integrantes son:

- M^a Teresa Rodríguez, profesora titular que impartirá as seguintes materias:
 - o 1 grupo de Física y Química de 2º ESO
 - o 3 grupos de Física y Química de 3º ESO
 - o 1 grupo de Física 2º Bach
 - o 1 grupo de matemáticas de 3º ESO
 - o 1 reforzo de matemáticas de 1º ESO

- Rosa María Castro Piñeiro, profesora titular que exercerá como Xefa de Departamento e impartirá as seguintes materias:
 - o 2 grupos de Física e Química 4º ESO
 - o 2 grupos de Física e Química 1º Bach
 - o 1 grupo de Química 2º Bach.

- Santiago Andrés Robado Gaudeoso, profesor titular do departamento de Bioloxía e Xeoloxía, que completa horario impartindo:
 - o 1 grupo de Física e Química de 2º da ESO.

1.2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A aprendizaxe da Física e da Química xoga un papel central no desenvolvemento intelectual dos alumnos e das alumnas e comparte co resto das materias a responsabilidade de promover neles e nelas a adquisición das competencias clave para que poidan integrarse na sociedade de forma activa. Como disciplina científica, ten o compromiso engadido de dotar ao alumnado de ferramentas específicas que lle permitan afrontar o futuro con garantías, participando no desenvolvemento económico e social ó que está ligada a capacidade científica, tecnolóxica e innovadora da propia sociedade. Para que estas expectativas se concreten, o ensino desta materia debe incentivar unha aprendizaxe contextualizada que relacione os principios en vigor coa evolución histórica do coñecemento científico; que estableza a relación entre ciencia, tecnoloxía e sociedade; que potencie a argumentación verbal, a capacidade de establecer relacións cuantitativas e espaciais, así como a de resolver problemas con precisión e rigor.

Os alumnos e alumnas de ESO e Bacharelato son nativos da era dixital e, en consecuencia, están familiarizados coa presentación e transferencia dixital de información.

A elaboración e defensa de traballos de investigación sobre temas propostos ou de libre elección ten como obxectivo desenvolver a aprendizaxe autónoma dos alumnos e alumnas, profundizar e

ampliar contidos relacionados co currículo e mellorar as súas destrezas tecnolóxicas e comunicativas.

A materia de Física e Química impártese nos dous ciclos na etapa de ESO e no primeiro curso de bacharelato.

No primeiro ciclo de ESO, corresponde a 2º ESO, débense afianzar e ampliar os coñecementos que sobre as ciencias da natureza foron adquiridos polo alumnado na etapa de educación primaria. O enfoque co que se procura introducir os conceptos debe ser fundamentalmente fenomenolóxico; deste xeito, a materia preséntase como a explicación lóxica de todo aquilo ao que o alumnado está afeito e coñece.

No segundo ciclo de ESO e en primeiro de bacharelato esta materia ten, pola contra, un carácter esencialmente formal, e está enfocada a dotar ao alumnado de capacidades específicas asociadas a esta disciplina. Cun esquema de bloques similar, en cuarto de ESO aséntanse as bases dos contidos que en primeiro de bacharelato recibirán un enfoque máis educativo.

Polo seu carácter altamente formal, a materia de Física de 2º Bach. proporciónalle ao alumnado unha eficaz ferramenta de análise e recoñecemento, cuxo ámbito de aplicación transcende ós seus obxectivos. A Física no segundo curso de bacharelato é esencialmente educativa e debe abranguer todo o espectro de coñecemento da física con rigor, de forma que se asenten as bases metodolóxicas introducidas nos cursos anteriores. Á súa vez, debe dotar o/a alumno/a de novas aptitudes que o capaciten para a súa seguinte etapa de formación, con independencia da relación que esta poida ter coa física.

A materia de Química en 2º curso de bacharelato debe contribuír a afondar no coñecemento do mundo que rodea ao alumnado, á familiarización coa actividade científica e tecnolóxica, e ao desenvolvemento das competencias clave. Desde esta disciplina débese seguir atendendo ás relacións entre ciencia, tecnoloxía, sociedade e ambiente, en particular ás aplicacións da química, á súa presenza na vida cotiá e ás súas repercusións directas en numerosos ámbitos da sociedade actual. A súa relación con outros campos de coñecemento, como a bioloxía, a medicina, a enxeñaría, a xeoloxía, a astronomía, a farmacia ou a ciencia dos materiais, por citar algúns, fai que contribúa a unha formación crítica en relación co papel que a química desenvolve na sociedade, tanto como elemento de progreso como polos posibles efectos negativos dalgúns dos seus desenvolvementos.

A materia de Química apóiase nas matemáticas e na física e, á súa vez, serve de base para as ciencias da vida. Desde esta posición, esta materia amplía a formación científica do alumnado e proporciona unha ferramenta para a comprensión da natureza das ciencias en xeral, polo que é unha axuda importante na toma de decisións ben fundamentadas e responsables en relación coa súa propia vida e coa comunidade onde vive, co obxectivo final de construír unha sociedade mellor, dada a capacidade da química para resolver problemas humanos e responder a diferentes necesidades sociais.

2. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO)

2.1. OBXECTIVOS

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2.2.COMPETENCIAS

As competencias clave no Sistema Educativo Español, tal e como son enumeradas e descritas na Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato son as seguintes:

- *Comunicación lingüística CCL*

Refírese á habilidade para empregar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de maneira oral ou escrita.

Identificar os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e expresarse de xeito correcto.

Empregar argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.

- ***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía CMCT***

a competencia matemática alude ás capacidades para aplicar o razonamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá.

A competencia en ciencia céntrase nas habilidades para empregar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea.

A competencia tecnolóxica refírese a cómo aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanas.

- ***Competencia dixital CD***

Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información.

- ***Aprender a aprender CAA***

Implica que o alumno desenrole a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nela, organizar a súas tarefas e tempo, e trabalar de xeito individual ou colaborativo para conseguir un obxectivo.

- ***Competencias sociais e cívicas CSC***

Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social e cívica.

- ***Sentido da iniciativa e espírito emprendedor CSIEE***

Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.

- ***Conciencia e expresións culturais CCEC***

Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura.

2.3.PROGRAMACIÓN DOS BLOQUES DE UNIDADES

Indicamos na seguinte táboa as abreviaturas empregadas nos instrumentos de avaliación que aparecen nos bloques de todos os cursos.

Proba escrita	PE
Actividades realizadas na aula	AA
Traballos individuais ou colectivos	TR
Observación directa sobre o traballo diario	OD
Caderno de clase	CC
Prácticas de laboratorio	PL

2.4. FÍSICA Y QUÍMICA (2º ESO)

Física e Química. 2º de ESO						
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
Bloque 1. A actividade científica						
1. f 2. h	3. B1.1. Método científico: etapas. 4. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.	5. B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico.	6. FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos. 8. FQB1.1.2. Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunicaos oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas.	7. Sabe empregar as etapas do método científico para realizar os traballos. 9. É capaz de realizar a toma de datos de forma ordenada en táboas e gráficos.	AA OD CC TR	CAA CCL CMCCT
10. 11.	12. B1.3. Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.	13. B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.	14. FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.	15. Sabe recoñecer o traballo científico que se atopa detrás dalgunhas aplicacións tecnolóxicas.	AA OD CC	CCEC CMCCT
16. 17.	18. B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades.	19. B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes.	20. FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados. 22. FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.	21. Coñece as magnitudes e unidades do SI e realiza cambios de unidades empregando factores de conversión. 23. Sabe medir as magnitudes físicas básicas empregando os instrumentos apropiados.	PE AA OD CC	CMCCT CSIEE CMCCT
24.	25. B1.5. Traballo no laboratorio.	26. B1.4. Recoñecer os materiais e os instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental.	27. FQB1.4.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado. 29. FQB1.4.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	28. Sabe ler o significado das etiquetas máis usuais nun laboratorio. 30. Coñece o material básico de laboratorio e a súa función.	AA PL	CMCCT CCL
31. 32. 33. 34.	35. B1.6. Procura e tratamento de información. 36. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.	37. B1.5. Extraer de forma guiada a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.	38. FQB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade. 40. FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fi-	39. Sabe interpretar textos de divulgación científica relacionándoos cos conceptos estudados. 41. Coñece algunhas páxinas de internet onde atopar in-	AA OD CC	CAA CCL CMCCT CAA

Física e Química. 2º de ESO						
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
			bilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.	formación fiable.	OD	CD CSC
42. 43. 44. 45. 46. 47.	48. B1.1. Método científico: etapas. 49. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. 50. B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. 51. B1.5. Traballo no laboratorio. 52. B1.6. Proxecto de investigación.	53. B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.	54. FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións. 56. FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.	55. Sabe realizar traballos sinxelos empregando as TIC e os presenta con corrección. 57. Respecta o traballo realizado polos compañeiros e sabe realizar tarefas en grupo.	TR PL TR PL	CAA CCEC CCL CD CMCCT CSIEE CAA CSC CSIEE
Bloque 2. A materia						
58. 59.	60. B2.1. Propiedades da materia. 61. B2.2. Aplicacións dos materiais.	62. B2.1. Recoñecer as propiedades xerais e as características específicas da materia, e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións.	63. FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias. 65. FQB2.1.2. Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles. 67. FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade.	64. Coñece as principais propiedades características que se empregan para identificar substancias. 66. Coñece os materiais máis empregados no seu entorno. 68. Sabe medir experimentalmente a densidade de sólidos.	PE AA OD CC AA OD CC AA OD CC PL	CMCCT CMCCT CMCCT
69. 70.	71. B2.3. Estados de agregación. Cambios de estado. Modelo cinético-molecular.	72. B2.2. Xustificar as propiedades dos estados de agregación da materia e os seus cambios de estado, a través do modelo cinético-molecular.	73. FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache. 75. FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos. 77. FQB2.2.3. Describe os cambios de estado da materia e aplícaa á interpretación de fenómenos cotiáns.	74. Entende como inflúe a presión e a temperatura sobre os estados de agregación. 76. Explica as propiedades dos tres estados empregando a TCM. 78. Sabe explicar as propiedades dos cambios de estado.	PE AA OD CC PE AA OD CC PE AA	CMCCT CMCCT CMCCT

Física e Química. 2º de ESO						
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
			79. FQB2.2.4. Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias.	80. Sabe ler as gráficas de quecemento das substancias puras.	OD CC	
81.	82. B2.4. Leis dos gases.	83. B2.3. Establecer as relacións entre as variables das que depende o estado dun gas a partir de representacións gráficas ou táboas de resultados obtidas en experiencias de laboratorio ou simulacións dixitais.	84. FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiás, en relación co modelo cinético-molecular.	85. Explica as propiedades dos gases empregando a TCM.	PE AA OD CC	CMCCT
			86. FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.	87. Realiza cálculos empregando as leis dos gases ideais.	PE AA OD CC	CAA CMCCT
88.	89. B2.5. Substancias puras e mesturas. 90. B2.6. Mesturas de especial interese: disolucións acuosas, aliaxes e coloides.	91. B2.4. Identificar sistemas materiais como substancias puras ou mesturas, e valorar a importancia e as aplicacións de mesturas de especial interese.	92. FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.	93. Distingue entre mesturas homoxéneas e heteroxéneas.	PE AA OD CC	CMCCT
			94. FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese.	95. Sabe recoñecer o soluto e disolvente de distintas disolucións	PE AA OD CC	CMCCT
			96. FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.	97. Realiza os cálculos necesarios para preparar disolucións expresadas en g/L e porcentaxe.	PE AA OD CC	CCL CMCCT
98.	99. B2.7. Métodos de separación de mesturas.	100. B2.5. Propor métodos de separación dos compoñentes dunha mestura e aplicalos no laboratorio.	101. FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso.	102. Sabe aplicar os métodos de separacións de substancias a casos concretos.	PE AA OD CC	CAA CMCCT CSIEE
Bloque 3. Os cambios						
103. 104.	105. B3.1. Cambios físicos e cambios químicos. 106. B3.2. Reacción química.	107. B3.1. Distinguir entre cambios físicos e químicos mediante a realización de experiencias sinxelas que poñan de manifesto se se forman ou non novas substancias.	108. FQB3.1.1. Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias.	109. Sabe distinguir entre cambios físicos e químicos.	PE AA OD CC	CMCCT

Física e Química. 2º de ESO						
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
			110. FQB3.1.2. Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poñía de manifesto a formación de novas substancias e recoñece que se trata de cambios químicos.	111. Sabe describir procesos nos que ocorren cambios químicos.	PE AA OD CC	CCL CMCCT
			112. FQB3.1.3. Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas.	113. É capaz de realizar reaccións químicas sinxelas no laboratorio.	TR PL	CMCCT
114.	115. B3.2. Reacción química.	116. B3.2. Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas substancias noutras.	117. FQB3.2.1. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.	118. Sabe representar as reaccións químicas identificando produtos e reactivos.	PE AA OD CC	CMCCT
119. 120.	121. B3.3. A química na sociedade e o ambiente.	122. B3.3. Recoñecer a importancia da química na obtención de novas substancias e a súa importancia na mellora da calidade de vida das persoas.	123. FQB3.3.1. Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética.	124. Distingue entre produtos naturais e sintéticos.	AA OD CC	CMCCT
			125. FQB3.3.2. Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas.	126. Recoñece a contribución da química á mellora da calidade de vida.	AA OD CC	CMCCT CSC
127. 128.	129. B3.3. A química na sociedade e o ambiente.	130. B3.4. Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente.	131. FQB3.4.1. Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global.	132. Entende os problemas ambientais de importancia no planeta e coñece algunhas posibles solucións..	PE AA OD CC	CMCCT CSC CSIEE
Bloque 4. O movemento e as forzas						
133.	134. B4.1. Forzas: efectos. 135. B4.2. Medida das forzas.	136. B4.1. Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios no estado de movemento e das deformacións.	137. FQB4.1.1. En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónaaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	138. Identifica as forzas que actúan na natureza e recoñece os efectos que producen.	PE AA OD CC	CMCCT
			139. FQB4.1.2. Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describe o material para empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental.	140. Recoñece a relación que existe entre a forza e o alongamento que produce nun material elástico.	PE AA OD CC	CMCCT
			141. FQB4.1.3. Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	142. Coñece os efectos das forzas.	PE AA OD CC	CMCCT

Física e Química. 2º de ESO						
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
			143. FQB4.1.4. Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica e rexistra os resultados en táboas e representacións gráficas, expresando o resultado experimental en unidades do Sistema Internacional.	144. Sabe como calibrar un dinamómetro en unidades do SI.	PE AA OD CC	CMCCT
145. 146.	147. B4.3. Velocidade media.	148. B4.2. Establecer a velocidade dun corpo como a relación entre o espazo percorrido e o tempo investido en percorrelo.	149. FQB4.2.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado.	150. Determina a velocidade media dalgún corpo.	PE AA OD CC	CAA CD CMCCT
			151. FQB4.2.2. Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.	152. Sabe realizar cálculos coa velocidade media.	PE AA OD CC	CMCCT
153.	154. B4.4. Velocidade media. 155. B4.5. Velocidade instantánea e aceleración.	156. B4.3. Diferenciar entre velocidade media e instantánea a partir de gráficas espazo/tempo e velocidade/tempo, e deducir o valor da aceleración utilizando estas últimas.	157. FQB4.3.1. Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	158. Sabe calcular a velocidade a partir de gráficas v-t e x-t.	PE AA OD CC	CMCCT
			159. FQB4.3.2. Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	160. Recoñece un movemento acelerado a partir de gráficas v-t e x-t.	PE AA OD CC	CMCCT
161.	162. B4.6. Máquinas simples.	163. B4.4. Valorar a utilidade das máquinas simples na transformación dun movemento noutro diferente, e a redución da forza aplicada necesaria.	164. FQB4.4.1. Interpreta o funcionamento de máquinas mecánicas simples considerando a forza e a distancia ao eixe de xiro, e realiza cálculos sinxelos sobre o efecto multiplicador da forza producido por estas máquinas.	165. Interpreta o funcionamento das máquinas mecánicas e coñece a súa utilidade.	AA OD CC	CMCCT
166.	167. B4.7. O rozamento e os seus efectos.	168. B4.5. Comprender o papel que xoga o rozamento na vida cotiá.	169. FQB4.5.1. Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos.	170. Comprende os efectos das forzas de rozamento.	AA OD CC	CMCCT
171.	172. B4.8. Forza gravitatoria.	173. B4.6. Considerar a forza gravitatoria como a responsable do peso dos corpos, dos movementos orbitais e dos niveis de agrupación no Universo, e analizar os factores dos que depende.	174. FQB4.6.1. Relaciona cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa.	175. Sabe interpretar a lei de Newton da gravitación.	PE AA OD CC	CMCCT
			176. FQB4.6.2. Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes.	177. Coñece as diferenzas entre masa e peso.	PE AA OD CC	CMCCT

Física e Química. 2º de ESO							
Obx	Contidos		Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
				178. FQB4.6.3. Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta, e xustifica o motivo polo que esta atracción non leva á colisión dos dous corpos.	179. Entende os movementos dos planetas no sistema solar como o resultado das forzas que interaccionan entre eles	PE AA OD CC	CMCCT
180.	181. 182.	B4.9. Estrutura do Universo. B4.10. Velocidade da luz.	183. B4.7. Identificar os niveis de agrupación entre corpos celestes, desde os cúmulos de galaxias aos sistemas planetarios, e analizar a orde de magnitude das distancias implicadas.	184. FQB4.7.1. Relaciona cuantitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes afastados e coa distancia á que se atopan eses obxectos, interpretando os valores obtidos.	185. Sabe medir distancias entre obxectos celestes empregando a velocidade da luz como patrón de medida.	AA OD CC	CMCCT
186. 187. 188. 189. 190.	191. 192.	B4.1. Forzas: efectos. B4.8. Forza gravitatoria.	193. B4.8. Recoñecer os fenómenos da natureza asociados á forza gravitatoria.	194. FQB4.8.1. Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, a partir de observacións ou da procura guiada de información sobre a forza gravitatoria e os fenómenos asociados a ela.	195. Recopila os diversos fenómenos asociados á forza gravitatoria en forma de traballo, seguindo os pasos indicados.	TR	CCL CD CMCCT CSIEE
Bloque 5. Enerxía							
196.	197.	B5.1. Enerxía: unidades.	198. B5.1. Recoñecer que a enerxía é a capacidade de producir transformacións ou cambios.	199. FQB5.1.1. Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos.	200. Entende o concepto de enerxía e a súa conservación	PE AA OD CC	CMCCT
				201. FQB5.1.2. Recoñece e define a enerxía como unha magnitude e exprésaa na unidade correspondente do Sistema Internacional.	202. Emprega as unidades do SI para medir a enerxía.	PE AA OD CC	CMCCT
203.	204. 205. 206.	B5.2. Tipos de enerxía. B5.3. Transformacións da enerxía. B5.4. Conservación da enerxía.	207. B5.2. Identificar os tipos de enerxía postos de manifesto en fenómenos cotiáns e en experiencias sinxelas realizadas no laboratorio.	208. FQB5.2.1. Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios, e identifica os tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiás, explicando as transformacións dunhas formas noutras.	209. Identifica a enerxía cinética e potencial gravitatoria e explica a transformación dunha en outra.	PE AA OD CC	CMCCT
210. 211.	212. 213. 214.	B5.5. Enerxía térmica. Calor e temperatura. B5.6. Escalas de temperatura. B5.7. Uso racional da enerxía.	215. B5.3. Relacionar os conceptos de enerxía, calor e temperatura en termos da teoría cinético-molecular, e describir os mecanismos polos que se transfírese a enerxía térmica en situacións cotiás.	216. FQB5.3.1. Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferencia entre temperatura, enerxía e calor.	217. Sabe explicar o concepto de temperatura segundo o modelo CM.	PE AA OD CC	CMCCT
				218. FQB5.3.2. Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas celsius e kelvin.	219. Coñece as escalas de temperaturas celsius e kelvin	PE AA OD CC	CMCCT

Física e Química. 2º de ESO						
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
			220. FQB5.3.3. Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía recoñecendo en situacións cotiás e fenómenos atmosféricos, e xustifica a selección de materiais para edificios e no deseño de sistemas de quecemento.	221. Coñece os mecanismos de transferencia de enerxía e as aplicacións dos condutores e illantes.	PE AA OD CC	CAA CMCCT CSC
222. 223.	224. B5.8. Efectos da enerxía térmica.	225. B5.4. Interpretar os efectos da enerxía térmica sobre os corpos en situacións cotiás e en experiencias de laboratorio.	226. FQB5.4.1. Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións como os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc.	227. Sabe explicar o concepto de dilatación e as súas aplicacións.	PE AA OD CC	CMCCT
			228. FQB5.4.2. Explica a escala celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil.	229. Coñece como se elabora a escala celsius a partir de dous puntos fixos	PE AA OD CC	CMCCT
			230. FQB5.4.3. Interpreta cualitativamente fenómenos cotiás e experiencias nos que se poña de manifesto o equilibrio térmico asociándoo coa igualación de temperaturas.	231. Entende o concepto de equilibrio térmico e sabe relacionalo coa temperatura.	PE AA OD CC	CMCCT
232. 233. 234.	235. B5.9. Fontes de enerxía. 236. B5.10. Aspectos industriais da enerxía.	237. B5.5. Valorar o papel da enerxía nas nosas vidas, identificar as fontes, comparar o seu impacto ambiental e recoñecer a importancia do aforro enerxético para un desenvolvemento sustentable.	238. FQB5.5.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.	239. Sabe identificar as fontes de enerxía renovables e non renovables máis usuais.	AA OD CC	CCL CMCCT CSC

2.4.1.ACTIVIDADES

Para reforzar os coñecementos que o alumno e alumna deben adquirir, programamos como actividades:

- Resolución de cuestións e problemas, extraídos do libro de texto, atendendo a cada estándar de aprendizaxe.
- Resolución de cuestións e problemas, plantexados polo profesorado da materia, según os diferentes estándares.
- Experiencias de laboratorio, propias do nivel de 2º ESO.

2.4.2.TEMPORALIZACIÓN

Primeiro trimestre: Bloque 1 ; Bloque 2 (B2.1.; B2.2. ; B2.3.)

Segundo trimestre: Bloque 2 (B2.4. ; B2.5) ; Bloque 3

Terceiro trimestre: Bloque 4 ; Bloque 5.

2.4.3.MÍNIMOS ESIXIBEIS

Bloque 1. A actividade científica

- Formular, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.
- Rexistrar observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunicalos oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas.
- Relacionar a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.
- Establecer relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados.
- Realizar medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresar os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.
- Recoñecer e identificar os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.
- Identificar material e instrumentos básicos de laboratorio e coñecer a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.
- Seleccionar e comprender de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmitir as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.
- Realizar pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.
- Participar, valorar, xestionar e respectar o traballo individual e en equipo.

Bloque 2. A materia

- Distinguir entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utilizar estas últimas para a caracterización de substancias.
- Relacionar propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles.
- Describir a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realizar as medidas correspondentes e calcular a súa densidade.
- Xustificar que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.
- Explicar as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.
- Describir os cambios de estado da materia e aplícalos á interpretación de fenómenos cotiáns.
- Deducir a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identificala utilizando as táboas de datos necesarias.
- Xustificar o comportamento dos gases en situacións cotiás, en relación co modelo cinético-molecular.
- Interpretar gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.
- Distinguir e clasificar sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especificar neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.
- Identificar o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese.
- Realizar experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describir o procedemento seguido e o material utilizado, determinar a concentración e expresala en gramos/litro.
- Diseñar métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describir o material de laboratorio adecuado e levar a cabo o proceso.

Bloque 3. Os cambios

- Distinguir entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias.
- Levar a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas.
- Identificar os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.
- Identificar e asociar produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas.
- Propoñer medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global.

Bloque 4. O movemento e as forzas

- En situacións da vida cotiá, identificar as forzas que interveñen e relacionalas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.
- Establecer a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describir o material para empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental.
- Describir a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica e rexistrar os resultados en táboas e representacións gráficas, expresando o resultado experimental en unidades do Sistema Internacional.
- Realizar cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.
- Deducir a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.
- Xustificar se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.
- Analizar os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos.
- Relacionar cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa.
- Distinguir entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes.
- Relacionar cuantitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes afastados e coa distancia á que se atopan eses obxectos, interpretando os valores obtidos.

Bloque 5. A enerxía

- Argumentar que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos.
- Recoñecer e definir a enerxía como unha magnitude e expresala na unidade correspondente do Sistema Internacional
- Explicar o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferenciar entre temperatura, enerxía e calor.
- Recoñecer a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relacionar as escalas celsius e kelvin.
- Explicar o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións como os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc.
- Recoñecer, describir e comparar as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.

2.4.4.ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN FÍSICA E QUÍMICA DE 2º ESO

A) Educación para a paz.

A lectura das biografías dos científicos que se nomean ao longo do curso permítenos coñecer as persecucións ás que foron sometidos por defender as súas ideas en contra do pensamento da época na que viviron. O traballo científico non sempre foi libre e obxectivo, senón que estivo condicionado por diversas cuestións.

Reflexionar sobre o traballo de científicos ao longo da historia, atendendo á sociedade e á tecnoloxía presentes en cada momento, axúdanos a respectar as súas ideas, por moito que nos parezan inxenuas desde o coñecemento actual. Todas as achegas científicas, tanto individuais coma colectivas, erróneas ou correctas, inflúen dunha maneira significativa no desenvolvemento da ciencia.

B) Educación ambiental. Educación para o consumo

É moi importante que os/as alumnos/as reflexionen sobre o elevado consumo enerxético dos países industrializados. Isto supón un gasto abusivo e irracional de combustibles fósiles, e pode xerar no futuro o esgotamento das fontes enerxéticas tradicionais.

Ao queimar combustibles fósiles na industria enerxética, emítese á atmosfera unha gran cantidade de dióxido de carbono. Aínda que unha parte deste óxido o utilizan as plantas na fotosíntese e outra fracción se dissolve na auga dos océanos, a proporción deste gas na atmosfera foi aumentando progresivamente nos últimos anos. Este aumento entraña unha elevación da temperatura da Terra debido ao *efecto invernadoiro*.

Se a temperatura aumentase o suficiente, podería chegar a fundirse o xeo dos polos, o que suporía unha elevación do nivel do mar e a conseguinte inundación de cidades costeiras.

Evitalo implica, por un lado, utilizar enerxías alternativas e renovables, e, por outro, adoptar medidas de aforro enerxético, como reciclar ou reutilizar materiais.

Así mesmo, crece a preocupación da sociedade polo medio natural. As enerxías renovables, procedentes do Sol, o vento ou a auga, xeran enerxía limpa que non provoca acumulación de gases invernadoiro, responsables do cambio climático.

C) Educación cívica

O estudo da enerxía pode servir para transmitir aos/as alumnos/as a dimensión social da ciencia, analizando a relación que existe entre o control dos recursos enerxéticos e o desenvolvemento tecnolóxico dun país, así como o seu desenvolvemento económico.

D) Educación non sexista

Marie Curie é un exemplo de loita, constancia, capacidade e traballo. Graduouse coas mellores notas da súa promoción e foi a primeira muller que obtivo un doutorado nunha universidade europea. Sendo muller pioneira no mundo científico, permitíuselle o uso dun cuberto con goteiras para desenvolver o seu traballo de investigación e non se lle consentiu o acceso aos

laboratorios principais por «temor a que a excitación sexual que podería producir a súa presenza obstaculizase as tarefas dos investigadores». A pesar de todo, conseguiu ser a primeira persoa en obter dous premios Nobel, un de Física e outro de Química.

2.5. FÍSICA Y QUÍMICA (3º ESO)

Física e Química. 3º de ESO

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
Bloque 1. A actividade científica						
240. 241.	242. B1.1. Método científico: etapas. 243. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.	244. B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico.	245. FQB1.1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos. 247. FQB1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunica oralmente e por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.	246. Entende a importancia da formulación de hipóteses 248. Sabe construír e interpreta táboas de valores e gráficas sinxelas.	AA OD CC PE AA OD CC	CAA CMCCT CCL CMCCT
249. 250.	251. B1.3. Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.	252. B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.	253. FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.	254. Recoñece as etapas do método científico en traballos cotiáns.	AA OD CC	CAA CCEC CMCCT
255.	256. B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. Notación científica. 257. B1.5. Erros. 258. B1.6. Traballo no laboratorio.	259. B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes e expresar os resultados co erro correspondente.	260. FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades, utilizando preferentemente o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados correctamente. 262. FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.	261. Domina o SI de unidades e sabe expresar calquera número en notación científica. 263. Sabe medir magnitudes de lonxitude, masa e tempo.	PE AA OD CC PE AA OD CC	CMCCT CAA CMCCT
264.	265. B1.6. Traballo no laboratorio.	266. B1.4. Recoñecer os materiais e instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e describir e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental.	267. FQB1.4.1. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	268. Recoñece os símbolos das etiquetas dos produtos químicos. 269. Recoñece o material básico de laboratorio.	AA OD CC PL	CMCCT
270. 271. 272. 273.	274. B1.7. Procura e tratamento de información. 275. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.	276. B1.5. Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.	277. FQB1.5.1. Selecciona, comprende e interpreta información salientable nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade. 279. FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.	278. Interpreta textos con información científica. 280. Manexa fontes de información diversas.	AA OD CC AA OD CC	CAA CCL CMCCT CD CSC
749.	750. B4.5. Lei da gravitación universal.	751. B4.11. Identificar as aplicacións prácticas dos satélites artificiais e a problemática xurdida polo lixo espacial que xeran.	752. FQB4.11.1. Describe as aplicacións dos satélites artificiais en telecomunicacións, predición meteorolóxica, posicionamento global, astronomía e cartografía, así como os riscos derivados do lixo espacial que xeran.	753. Relaciona a posición dos satélites coas súas aplicacións.	AA OD CC	CMCCT CSC
754.	755. B4.6. Presión.	756. B4.12. Recoñecer que o efecto dunha forza non só depende da súa intensidade, senón tamén da superficie sobre a que actúa.	757. FQB4.12.1. Interpreta fenómenos e aplicacións prácticas nas que se pon de manifesto a relación entre a superficie de aplicación dunha forza e o efecto resultante.	758. Entende a relación entre a superficie de aplicación dunha forza e o efecto que produce.	PE AA OD CC	CMCCT
			759. FQB4.12.2. Calcula a presión exercida polo peso dun obxecto regular en distintas situacións nas que varía a superficie en que se apoia; compara os resultados e extrae conclusións.	760. Sabe calcular a presión exercida por un obxecto variando a superficie sobre a que se apoia.	PE AA OD CC	CMCCT
761.	762. B4.7. Principios da hidrostática. 763. B4.8. Física da atmosfera.	764. B4.13. Interpretar fenómenos naturais e aplicacións tecnolóxicas en relación cos principios da hidrostática, e resolver problemas aplicando as expresións matemáticas destes.	765. FQB4.13.1. Xustifica razoadamente fenómenos en que se poña de manifesto a relación entre a presión e a profundidade no seo da hidrosfera e a atmosfera.	766. Sabe aplicar o concepto de presión hidrostática en casos concretos.	PE AA OD CC	CMCCT
			767. FQB4.13.2. Explica o abastecemento de auga potable, o deseño dunha presa e as aplicacións do sifón, utilizando o principio fundamental da hidrostática.	768. Usa a presión hidrostática para explicar aplicacións cotiáns.	PE AA OD CC	CMCCT
			769. FQB4.13.3. Resolve problemas relacionados coa presión no interior dun fluído aplicando o principio fundamental da hidrostática.	770. Resolve problemas empregando o principio de Pascal.	PE AA OD CC PL	CMCCT
			771. FQB4.13.4. Analiza aplicacións prácticas baseadas no principio de Pascal, como a prensa hidráulica, o elevador, ou a dirección e os freos hidráulicos, aplicando a expresión matemática deste principio á resolución de problemas en contextos prácticos.	772. Realiza cálculos para determinar as forzas que interveñen en distintos dispositivos hidráulicos.	PE AA OD CC	CMCCT
			773. FQB4.13.5. Predí a maior ou menor flotabilidade de obxectos	774. Calcula a flotabilidade de obxectos empregando	PE	CMCCT

			tos utilizando a expresión matemática do principio de Arquímedes, e verifica experimentalmente nalgún caso.	do o principio de Arquímedes.	AA OD CC PL	
775. 776. 777.	778. B4.7. Principios da hidrostática. 779. B4.8. Física da atmosfera.	780. B4.14. Diseñar e presentar experiencias ou dispositivos que ilustren o comportamento dos fluídos e que poñan de manifesto os coñecementos adquiridos, así como a iniciativa e a imaxinación.	781. FQB4.14.1. Comproba experimentalmente ou utilizando aplicacións virtuais interactivas a relación entre presión hidrostática e profundidade en fenómenos como o paradoxo hidrostático, o tonel de Arquímedes e o principio dos vasos comunicantes.	782. Interpreta o paradoxo hidrostático e o principio dos vasos comunicantes en función da presión hidrostática.	PE AA OD CC PL	CMCCT CD
			783. FQB4.14.2. Interpreta o papel da presión atmosférica en experiencias como o experimento de Torricelli, os hemisferios de Magdeburgo, recipientes invertidos onde non se derrama o contido, etc., inferindo o seu elevado valor.	784. Coñece como calcular o valor da presión atmosférica e entende os seus efectos.	PE AA OD CC	CCEC CMCCT
			785. FQB4.14.3. Describe o funcionamento básico de barómetros e manómetros, e xustifica a súa utilidade en diversas aplicacións prácticas.	786. Entende o fundamento dos barómetros e as súas aplicacións.	PE AA OD CC	CMCCT
787.	788. B4.8. Física da atmosfera.	789. B4.15. Aplicar os coñecementos sobre a presión atmosférica á descrición de fenómenos meteorolóxicos e á interpretación de mapas do tempo, recoñecendo termos e símbolos específicos da meteoroloxía.	790. FQB4.15.1. Relaciona os fenómenos atmosféricos do vento e a formación de frentes coa diferenza de presións atmosféricas entre distintas zonas.	791. Entende a relación entre fenómenos atmosféricos e as variacións de presión.	PE AA OD CC	CMCCT
			792. FQB4.15.2. Interpreta os mapas de isóbaras que se amosan no prognóstico do tempo, indicando o significado da simboloxía e os datos que aparecen nestes.	793. Entende a simboloxía que aparecen nos mapas de isóbaras.	AA OD CC	CMCCT
Bloque 5. A enerxía						
794.	795. B5.1. Enerxías cinética e potencial. Enerxía mecánica. Principio de conservación. 796. B5.2. Formas de intercambio de enerxía: traballo e calor.	797. B5.1. Analizar as transformacións entre enerxía cinética e enerxía potencial, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica cando se despreza a forza de rozamento, e o principio xeral de conservación da enerxía cando existe disipación desta por mor do rozamento.	798. FQB5.1.1. Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.	799. Sabe aplicar o principio de conservación da enerxía mecánica.	PE AA OD CC	CMCCT
			800. FQB5.1.2. Determina a enerxía disipada en forma de calor en situacións onde diminúe a enerxía mecánica.	801. Sabe relacionar a enerxía disipada con procesos de diminución da enerxía mecánica.	PE AA OD CC	CMCCT
802.	803. B5.2. Formas de intercambio de enerxía: traballo e calor.	804. B5.2. Recoñecer que a calor e o traballo son dúas formas de transferencia de enerxía, e identificar as situacións en que se producen.	805. FQB5.2.1. Identifica a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía, distinguindo as acepcións coloquiais destes termos do seu significado científico.	806. Identifica a calor e o traballo co intercambio de enerxía.	PE AA OD CC	CMCCT
			807. FQB5.2.2. Recoñece en que condicións un sistema in-	808. Recoñece as condicións nas que un sistema in-	AA	CMCCT

			tercambia enerxía en forma de calor ou en forma de traballo.	tercambia enerxía en forma de calor.	OD	
809.	810. B5.3. Traballo e potencia.	811. B5.3. Relacionar os conceptos de traballo e potencia na resolución de problemas, expresando os resultados en unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común.	812. FQB5.3.1. Acha o traballo e a potencia asociados a unha forza, incluíndo situacións en que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento, e expresar o resultado nas unidades do SI ou noutras de uso común, como a caloría, o kWh e o CV.	813. Sabe calcular o traballo e a potencia asociados a unha forza empregando o caso xeral.	PE AA OD CC	CMCCT
814.	815. B5.2. Formas de intercambio de enerxía: traballo e calor. 816. B5.4. Efectos da calor sobre os corpos.	817. B5.4. Relacionar cualitativa e cuantitativamente a calor cos efectos que produce nos corpos: variación de temperatura, cambios de estado e dilatación.	818. FQB5.4.1. Describe as transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía, determinar a calor necesaria para que se produza unha variación de temperatura dada e para un cambio de estado, e representar graficamente estas transformacións.	819. Sabe calcular as transformacións que experimenta un corpo ao perder ou gañar enerxía, incluídos os cambios de estado.	PE AA OD CC	CMCCT
			820. FQB5.4.2. Calcula a enerxía transferida entre corpos a distinta temperatura e o valor da temperatura final aplicando o concepto de equilibrio térmico.	821. Realiza cálculos aplicando o concepto de equilibrio térmico.	PE AA OD CC	CMCCT
			822. FQB5.4.3. Relaciona a variación da lonxitude dun obxecto coa variación da súa temperatura utilizando o coeficiente de dilatación lineal correspondente.	823. Sabe calcular a dilatación lineal de obxectos.	PE AA OD CC	CMCCT
			824. FQB5.4.4. Determina experimentalmente calores específicos e calores latentes de substancias mediante un calorímetro, realizando os cálculos necesarios a partir dos datos empíricos obtidos.	825. Coñece os cálculos e o procedemento necesarios para determinar experimentalmente a calor específica das substancias.	PE AA OD CC PL	CMCCT CAA
826. 827. 828. 829.	830. B5.3. Traballo e potencia.	832. B5.5. Valorar a relevancia histórica das máquinas térmicas como desencadeadores da Revolución Industrial, así como a súa importancia actual na industria e no transporte.	833. FQB5.5.1. Explica ou interpreta, mediante ilustracións ou a partir delas, o fundamento do funcionamento do motor de explosión.	834. Entende o fundamento dun motor de explosión.	AA OD	CMCCT
	831. B5.5. Máquinas térmicas.		835. FQB5.5.2. Realiza un traballo sobre a importancia histórica do motor de explosión e preséntao empregando as TIC.	836. Coñece a evolución histórica dos motores de explosión e a súa repercusión na nosa civilización.	AA OD	CAA CMCCT CD CCL CSC CCEC
837.	838. B5.5. Máquinas térmicas.	839. B5.6. Comprender a limitación que o fenómeno da degradación da enerxía supón para a optimización dos procesos de obtención de enerxía útil nas máquinas térmicas, e o reto tecnolóxico que supón a mellora do rendemento destas para a investigación, a innovación e a empresa.	840. FQB5.6.1. Utiliza o concepto da degradación da enerxía para relacionar a enerxía absorbida e o traballo realizado por unha máquina térmica.	841. Coñece e relación entre a enerxía e o traballo que ten lugar nunha máquina térmica.	AA OD	CMCCT
			842. FQB5.6.2. Emprega simulacións virtuais interactivas para determinar a degradación da enerxía en diferentes máquinas, e expón os resultados empregando as TIC.	843. Coñece simulacións nas que se observa a degradación de enerxía que se produce en diferentes máquinas.	AA OD	CMCCT CD CCL

2.6.1.ACTIVIDADES

Para reforzar os coñecementos que o alumno e alumna deben adquirir programamos como actividades:

- Resolución de cuestións e problemas, extraídos do libro de texto, atendendo a cada estándar de aprendizaxe.
- Resolución de cuestións e problemas, plantexados polo profesorado da materia, según os diferentes estándares.
- Experiencias de laboratorio, propias do nivel de 4º ESO.

2.6.2.TEMPORALIZACIÓN

Primeiro trimestre:

Bloque 1: A actividade científica.

Bloque 2: A materia (B 2.1 a B 2.7)

Segundo trimestre:

Bloque 2: A materia (B 2.8 a B 2.10)

Bloque 3:Os cambios

Bloque 4: O movemento e as forzas (B 4.1 a B 4.3)

Terceiro trimestre:

Bloque 4: O movemento e as forzas (B 4.4 a B 4. 15)

Bloque 5: A enerxía

2.6.3.MÍNIMOS ESIXIBEIS

Bloque 1. A actividade científica

- Argumentar con espírito crítico o grao de rigor científico dun artigo ou dunha noticia, analizando o método de traballo e identificando as características do traballo científico.

- Distinguir entre hipóteses, leis e teorías, e explicar os procesos que corroboran unha hipótese e a dotan de valor científico.
- Identificar unha determinada magnitude como escalar ou vectorial e describe os elementos que definen esta última.
- Calcular e interpretar o erro absoluto e o erro relativo dunha medida coñecido o valor real.
- Calcular e expresar correctamente o valor da medida, partindo dun conxunto de valores resultantes da medida dunha mesma magnitude, utilizando as cifras significativas adecuadas.
- Representar graficamente os resultados obtidos da medida de dúas magnitudes relacionadas inferindo, de ser o caso, se se trata dunha relación lineal, cuadrática ou de proporcionalidade inversa, e deducindo a fórmula.
- Realizar de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica utilizando as TIC.

Bloque 2. A materia

- Comparar os modelos atómicos propostos ao longo da historia para interpretar a natureza íntima da materia, interpretando as evidencias que fixeron necesaria a evolución destes.
- Utilizar as TIC ou aplicacións interactivas para visualizar a representación da estrutura da materia nos diferentes modelos atómicos.
- Establecer a configuración electrónica dos elementos representativos a partir do seu número atómico para deducir a súa posición na táboa periódica, os seus electróns de valencia e o seu comportamento químico.
- Distinguir entre metais, non metais, semimetais e gases nobres, e xustificar esta clasificación en función da súa configuración electrónica.
- Escribir o nome e o símbolo dos elementos químicos, e sitúalos na táboa periódica.
- Utilizar a regra do octeto e diagramas de Lewis para predicir a estrutura e a fórmula dos compostos iónicos e covalentes.
- Explicar as propiedades de substancias covalentes, iónicas e metálicas en función das interaccións entre os seus átomos ou as moléculas.
- Nomear e formular compostos inorgánicos ternarios, seguindo as normas da IUPAC.
- Explicar os motivos polos que o carbono é o elemento que forma maior número de compostos.
- Identificar e representar hidrocarburos sinxelos mediante a súa fórmula molecular, semidesenvolvida e desenvolvida.
- Deducir, a partir de modelos moleculares, as fórmulas usadas na representación de hidrocarburos.

- Describir as aplicacións de hidrocarburos sinxelos de especial interese.

Bloque 3. Os cambios

- Interpretar reaccións químicas sinxelas utilizando a teoría de colisións, e deducir a lei de conservación da masa.
- Predecir o efecto que sobre a velocidade de reacción teñen a concentración dos reactivos, a temperatura, o grao de división dos reactivos sólidos e os catalizadores.
- Determinar o carácter endotérmico ou exotérmico dunha reacción química analizando o signo da calor de reacción asociada.
- Realizar cálculos que relacionen a cantidade de substancia, a masa atómica ou molecular e a constante do número de Avogadro.
- Interpretar os coeficientes dunha ecuación química en termos de partículas e moles e, no caso de reaccións entre gases, en termos de volumes.
- Resolver problemas, realizando cálculos estequiométricos, con reactivos puros e supondo un rendemento completo da reacción, tanto se os reactivos están en estado sólido como se están en disolución.
- Valorar a importancia das reaccións de combustión na xeración de electricidade en centrais térmicas, na automoción e na respiración celular.

Bloque 4. O movemento e as forzas

- Representar a traxectoria e os vectores de posición, desprazamento e velocidade en distintos tipos de movemento, utilizando un sistema de referencia.
- Clasificar tipos de movementos en función da súa traxectoria e a súa velocidade.
- Xustificar a insuficiencia do valor medio da velocidade nun estudo cualitativo do movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA), e razoar o concepto de velocidade instantánea.
- Deducir as expresións matemáticas que relacionan as variables nos movementos rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), así como as relacións entre as magnitudes lineais e angulares.
- Resolver problemas de movemento rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), incluíndo movemento de graves, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes, e expresar o resultado en unidades do Sistema Internacional.
- Determinar tempos e distancias de freada de vehículos e xustificar, a partir dos resultados, a importancia de manter a distancia de seguridade na estrada.
- Argumentar a existencia do vector aceleración en calquera movemento curvilíneo e calcular o seu valor no caso do movemento circular uniforme.

- Determinar o valor da velocidade e a aceleración a partir de gráficas posición-tempo e velocidade-tempo en movementos rectilíneos.
- Identificar as forzas implicadas en fenómenos cotiáns nos que hai cambios na velocidade dun corpo.
- Representar vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centrípeta en casos de movementos rectilíneos e circulares.
- Identificar e representar as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.
- Interpretar fenómenos cotiáns en termos das leis de Newton.
- Representar e interpretar as forzas de acción e reacción en situacións de interacción entre obxectos.
- Obter a expresión da aceleración da gravidade a partir da lei da gravitación universal relacionando as expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza de atracción gravitatoria.
- Calcular a presión exercida polo peso dun obxecto regular en distintas situacións nas que varía a superficie en que se apoia; comparar os resultados e extraer conclusións.
- Xustificar razoadamente fenómenos en que se poña de manifesto a relación entre a presión e a profundidade no seo da hidrosfera e a atmosfera.
- Resolver problemas relacionados coa presión no interior dun fluído aplicando o principio fundamental da hidrostática.
- Analizar aplicacións prácticas baseadas no principio de Pascal, como a prensa hidráulica, o elevador, ou a dirección e os freos hidráulicos, aplicando a expresión matemática deste principio á resolución de problemas en contextos prácticos.
- Predicir a maior ou menor flotabilidade de obxectos utilizando a expresión matemática do principio de Arquímedes, e verificala experimentalmente nalgún caso.
- Interpretar o papel da presión atmosférica en experiencias como o experimento de Torricelli, os hemisferios de Magdeburgo, recipientes invertidos onde non se derrama o contido, etc., inferindo o seu elevado valor.
- Interpretar os mapas de isóbaras que se amosan no prognóstico do tempo, indicando o significado da simboloxía e os datos que aparecen nestes.

Bloque 5. A enerxía

- Resolver problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.
- Determinar a enerxía dissipada en forma de calor en situacións onde diminúe a enerxía mecánica.

- Identificar a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía, distinguindo as acepcións coloquiais destes termos do seu significado científico.
- Achar o traballo e a potencia asociados a unha forza, incluíndo situacións en que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común, como a caloría, o kWh e o CV.
- Describir as transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía, determinar a calor necesaria para que se produza unha variación de temperatura dada e para un cambio de estado, e representar graficamente estas transformacións.
- Calcular a enerxía transferida entre corpos a distinta temperatura e o valor da temperatura final aplicando o concepto de equilibrio térmico.

2.6.4.ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN FÍSICA E QUÍMICA DE 4º ESO

A) Educación viaria

Dende esta materia pódese contribuír ás campañas de educación viaria, relacionando a necesidade das limitacións de velocidade co tempo que transcorre e a distancia que se percorre desde que un vehículo inicia a freada ata que se detén.

Esta reflexión vincula os coñecementos adquiridos na clase con situacións reais, mostrando que os consellos sobre as limitacións de velocidade e a distancia mínima de seguridade entre vehículos teñen fundamentos físicos. Pódense valorar, ademais, as posibles consecuencias nos accidentes de tráfico por incumprimento das normas de circulación.

Desde a física podemos xustificar a importancia das normas básicas sobre a seguridade nas estradas, como a conveniencia de que todos os ocupantes do vehículo leven posto o cinto de seguridade.

Nunha situación na que nos vexamos obrigados a frear bruscamente, prodúcese un gran cambio de velocidade nun período de tempo moi pequeno, o que supón que a aceleración de freado do vehículo é moi alta. Se levamos abrochado o cinto de seguridade, este evita que saiamos despedidos cara adiante por efecto da inercia ao frear.

B) Educación para a paz.

A lectura das biografías dos científicos que se nomean ao longo desta unidade permítenos coñecer as persecucións ás que foron sometidos por defender as súas ideas en contra do pensamento da época na que viviron. O traballo científico non sempre foi libre e obxectivo, senón que estivo condicionado por diversas cuestións.

Reflexionar sobre o traballo de científicos ao longo da historia, atendendo á sociedade e á tecnoloxía presentes en cada momento, axúdanos a respectar as súas ideas, por moito que nos parezan inxenuas desde o coñecemento actual. Todas as achegas científicas, tanto individuais coma colectivas, erróneas ou correctas, inflúen dunha maneira significativa no desenvolvemento da ciencia.

C) Educación para a saúde

Cos contidos desta materia pódense abordar os posibles problemas para a saúde ocasionados ao somerxernos a unha determinada profundidade na auga cando nos mergullamos, ou os efectos da diferenza de presión ao aterrar ou engalar un avión. Así mesmo, analizar a influencia na flotabilidade dun chaleco salvavidas permitiranos destacar a importancia da súa utilización cando realizamos deportes acuáticos.

Convén aproveitar o estudo dos compostos de carbono de interese biolóxico (glúcidos, lípidos e proteínas) para concienciar ó alumnado da importancia dunha dieta equilibrada para a nosa saúde.

Poderíase elaborar algunha actividade, en colaboración con outros Departamentos , para que reflexionasen sobre que alimentos deben consumir, en función das súas características, idade, sexo e actividade habitual.

D) Educación ambiental. Educación para o consumo

É moi importante que os/as alumnos/as reflexionen sobre o elevado consumo enerxético dos países industrializados. Isto supón un gasto abusivo e irracional de combustibles fósiles, e pode xerar no futuro o esgotamento das fontes enerxéticas tradicionais. Evitalo implica, por un lado, utilizar enerxías alternativas e renovables, e, por outro, adoptar medidas de aforro enerxético, como reciclar ou reutilizar materiais.

Así mesmo, crece a preocupación da sociedade polo medio natural. As enerxías renovables, procedentes do Sol, o vento ou a auga, xeran enerxía limpa que non provoca acumulación de gases invernadoiro, responsables do cambio climático.

E) Educación para o consumo. Educación cívica.

Podemos facer notar aos alumnos/as que a sociedade moderna está supeditada á posibilidade de dispoñer de fontes de enerxía que permitan obter enerxía eléctrica ou mecánica. A maior parte dos recursos enerxéticos utilizados actualmente son limitados e por iso é necesario fomentar hábitos de aforro enerxético .O estudo da enerxía pode servir para transmitir aos/ás alumnos/as a dimensión social da ciencia, analizando a relación que existe entre o control dos recursos enerxéticos e o desenvolvemento tecnolóxico dun país, así como o seu desenvolvemento económico.

F) Educación ambiental

Ao queimar combustibles fósiles na industria enerxética, emítese á atmosfera unha gran cantidade de dióxido de carbono. Aínda que unha parte deste óxido o utilizan as plantas na fotosíntese e outra fracción se dissolve na auga dos océanos, a proporción deste gas na atmosfera foi aumentando progresivamente nos últimos anos. Este aumento entraña unha elevación da temperatura da Terra debido ao *efecto invernadoiro*.

Se a temperatura aumentase o suficiente, podería chegar a fundirse o xeo dos polos, o que suporía unha elevación do nivel do mar e a conseguinte inundación de cidades costeiras.

2.7.PRINCIPIOS METODOLÓXICOS NAS MATERIAS DE FÍSICA E QUÍMICA DE SECUNDARIA

Os principios metodolóxicos que rixen estas materias son: actividade e experimentación, personalización, participación, significatividade e funcionalidade.

A actividade constructiva do alumno/a é o factor decisivo na realización das aprendizaxes escolares. A actividade constructiva non se limita ó simple activismo por parte do alumno/a, senón que esixe unha actividade mental que o leve a modificar e reelabora-los seus esquemas de coñecemento, e a construí-la súa propia aprendizaxe. Neste proceso, os/as profesores/as actuarán como guías e mediadores para facilita-la construción de aprendizaxes significativas, que levan a establecer relacións entre os coñecementos e experiencias previas e os novos contidos.

O profesorado ha de proporcionar oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, para que o/a alumno/a comprobe o interese e a utilidade do aprendido. É igualmente importante estimula-la reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións respecto do que se aprendeu, de xeito que o/a alumno/a poida analiza-lo avance respecto das súas ideas previas.

As aprendizaxes han de ser funcionais, asegurando que poidan ser empregadas nas circunstancias reais en que o/a alumno/a as necesite. Por aprendizaxe funcional enténdese non só a posible aplicación práctica do coñecemento adquirido, senón tamén o feito de que os contidos sexan necesarios e útiles para realizar outras aprendizaxes. Tamén supón o desenvolvemento de estratexias que posibiliten a planificación e regulación da propia actividade de aprendizaxe: é dicir, aquelas relacionadas co aprender a aprender. O/a profesor/a debe axusta-la axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado e facilitar recursos ou estratexias variados que permitan dar resposta ás diversas motivacións, intereses e capacidades que presentan os/as alumnos/as destas idades.

2.8.ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NAS MATERIAS DE FÍSICA E QUÍMICA DE SECUNDARIA

Debe prestarse unha especial atención ó tratamento da diversidade, porque somos conscientes de que non todo o alumnado aprende ó mesmo ritmo nin as mesmas cousas. Deben propoñerse actividades de reforzo e de ampliación.

No tratamento, o profesorado propondrá diferentes enfoques didácticos para ir mais alá dos mínimos indispensables para o alumnado no seu conxunto e tamén outras propostas para aqueles membros do grupo que, polas súas características, presenten dificultades para segui-lo ritmo xeral. Para os primeiros pensamos nunhas actividades de perfeccionamento ou ampliación, mentres que os demais deberán recibir unha atención máis personalizada, a partires de actividades de reforzo ou de reiteración.

Usase un modelo que pon o seu acento nas propostas didácticas de ampliación ou perfeccionamento para os alumnos/as mais avantaxados e nos exercicios mais sinxelos para os que presenten dificultades. En ámbolos casos optamos pola creatividade e non pola simple memorización. Por esto, os exercicios presentados aceptan respostas flexibles, froito do esforzo

persoal e do razoamento do propio alumnado, non da repetición memorística de conceptos que, a miúdo, non se dan entendido.

2.9.PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN EN SECUNDARIA

2.9.1. PROCESO DE AVALIACIÓN

Avaliación inicial

Ao inicio do curso comprobarase os coñecementos previos dos/as alumnos/as de cada grupo mediante unha proba que pode ser escrita tipo test ou ben oral en forma de coloquio, cuxos resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida a cada grupo.

As probas de Avaliación Inicial terán como referentes os obxectivos e contidos mínimos que o alumno debería ter acadado ao finalizar o curso ou etapa anterior, así como o grao de adquisición das competencias básicas.

Estas probas facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que se van adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

Avaliación formativa

Ao longo do curso os/as alumnos/as estarán informados do seu progreso de aprendizaxe a través das indicacións que se vaian dando: corrección de probas escritas, corrección dos traballos propostos e notas de participación na clase. Unha vez ao trimestre informarase aos pais e alumnos/as a través da cualificación da avaliación.

No caso de determinadas competencias requírese a observación directa do desempeño do alumno, como ocorre na avaliación de certas habilidades manipulativas, actitudes (cara á lectura, a resolución de problemas, etc.) ou valores (perseveranza, minuciosidade, etc.).

Avaliación sumativa

Ao remate do curso valorarase o rendemento académico dos alumnos e alumnas mediante unha cualificación final que se determinará de acordo cos criterios de cualificación que se detallan mais adiante.

2.9.2. PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN

Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).

Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).

Análise e valoración de tarefas individuais ou en grupo.

Observación directa do traballo diario.

2.9.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Probas escritas: para medir a adquisición de contidos e procedementos; deberán estar deseñadas atendendo aos estándares de aprendizaxe. En ningún caso serán o único instrumento de avaliación.

Traballo dos alumnos/as: actividades realizadas na clase e na casa, traballo no laboratorio, caderno do alumno/a.

Caderno do profesor/a: observación da atención, participación, puntualidade, asistencia e actitude do/a alumno/a na clase.

2.10 . CRITERIOS PARA DETERMINAR A CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN EN SECUNDARIA

1. Proba/s escrita/s ou exame/s de avaliación: ponderación 80%

En 2º ESO faranse alomenos dúas probas escritas por avaliación. A cualificación de cada avaliación será a media ponderada das notas obtidas, sendo necesaria unha nota mínima de tres, para facer media.

Nos restantes cursos procuraranse facer dúas probas escritas en cada período de avaliación, entrando na segunda proba toda a materia. Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos, expresada con unha ou dúas cifras decimais; o valor de cada pregunta indicarse ó comezo da proba, de forma verbal, ou ben na propia proba escrita.

A valoración de cada proba farase de acordo cos criterios de corrección indicados no apartado correspondente da programación.

No caso de facer unha única proba escrita, a cualificación obtida constituirá o 80% da nota da avaliación.

No caso de facer dúas probas escritas, farase unha media compensada das dúas cualificacións obtidas (40% da cualificación da primeira proba + 60 % da cualificación da segunda proba). A media así calculada constituirá o 80 % da nota da avaliación.

2. Traballo dos/as alumnos/as: ponderación 20%

Valorarase de 0 a 10 puntos, podendo expresarse cunha cifra decimal.

A cualificación deste apartado medirase por varios destes criterios: participación do alumno e alumna na clase; tarefas encomendadas para a casa; prácticas de laboratorio, traballos e caderno de clase e apuntes da materia.

2.11. CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN EN SECUNDARIA

A cualificación de cada avaliación determinarase tendo en conta os criterios indicados anteriormente. A cualificación obtida en cada trimestre poderá ser redondeada, de xeito que o decimal se asimilará ó enteiro superior se o seu valor é 0,75 ou superior, e ó anterior en caso contrario. O redondeo ao enteiro superior non se aplicará cando o/a alumno/a mostre valores baixos no punto 2 (Traballo dos alumnos/as)) dos criterios de cualificación anteriormente sinalados.

Superan a avaliación os/as alumnos/as que acaden cualificación de 5 ou mais puntos.

2.12. PROBAS DE RECUPERACIÓN ORDINARIA EN SECUNDARIA

O alumnado que na avaliación obteña unha cualificación inferior a 5 puntos, deberá realizar a correspondente proba de recuperación, que se levará a cabo na data adecuada a criterio do profesor/a, e de acordo co alumnado.

Poderanse incluír nos exames de avaliación, contidos das avaliacións anteriores, co fin de facilitar que os alumnos con avaliacións suspensas, teñan máis oportunidades para recuperalas.

O exame de recuperación valorarase de 0 a 10 puntos e consistirá nunha proba escrita con exercicios e cuestións referidas aos contidos da materia non superados anteriormente.

Os criterios de cualificación das recuperacións seguirán as ponderacións das propias avaliacións. Así, á nota ponderada do exame escrito engadirase a nota de traballo e actitude do/a alumno/a que acadara na avaliación a recuperar.

Entenderase que a avaliación está recuperada cando, despois de efectuado o redondeo, a cualificación sexa igual ou superior a 5 puntos.

2.13. CRITERIOS PARA DETERMINAR A CUALIFICACIÓN FINAL ORDINARIA E CRITERIOS DE PROMOCIÓN EN SECUNDARIA

Para os efectos de cálculo da cualificación final ordinaria inclúiranse as cualificacións das tres avaliacións e das recuperacións correspondentes, cando estas se levaran a cabo.

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións trimestrais, incluíndo nesa media, como outra nota máis do curso, as recuperacións que se realizaron.

Con carácter xeral, para superar a materia requírirase a superación das tres avaliacións ou das recuperacións das avaliacións suspensas. Non obstante, pode superarse a materia cunha soa avaliación suspensa cando nesta se teña unha cualificación de avaliación ou de recuperación non inferior a 4 puntos e a media final das tres avaliacións, despois de redondeo, é igual ou superior a 5 puntos. Tamén se supera a materia, con cualificación de 5

puntos, cando non tendo acadada esta puntuación na media final, o/a alumno/a recuperou as probas de cada avaliación suspensa.

2.14.CRITERIOS PARA DETERMINAR A CUALIFICACIÓN EXTRAORDINARIA DE XUÑO EN SECUNDARIA

- As probas finais que se dispoñan consistirán nunha proba escrita, que se valorará de 0 a 10 puntos, con cuestións e problemas referidos ós contidos mínimos sinalados na programación procurando o equilibrio entre a presenza dos diferentes bloques en que está dividida a materia.
- Esta proba representará o 100% da nota.
- Dadas as características das materias, esixirase que nestas probas, o/a alumno/a acade unha cualificación equilibrada entre esas diferentes partes. Isto cobra especial interese na materia de Física e Química de 4º da ESO.
- Considerarase superada a materia cando, despois de efectuado o redondeo, se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

2.15.CRITERIOS XERAIS DE CORRECCIÓN DOS EXAMES EN SECUNDARIA

- As respostas deben axustarse ao enunciado da pregunta.
- Terase en conta a claridade da exposición dos conceptos, procesos, os pasos seguidos, as hipóteses, a orde lóxica e a utilización adecuada da linguaxe científica.
- Os erros graves de concepto levarán a anular o apartado correspondente.
- Os parágrafos/apartados que esixen a solución dun apartado anterior cualificaranse independentemente do resultado do devandito apartado.
- Cando a resposta deba ser razoada ou xustificada, non facelo supoñerá unha puntuación de cero no apartado correspondente. Un resultado erróneo pero cun razoamento correcto valórase.
- Cando por unha formulación incorrecta ou a igualación incorrecta dunha ecuación química un exercicio non esté ben resolto, este puntuará como máximo o 25% da nota do apartado.
- Nun problema numérico a resposta correcta, sen razoamento ou xustificación, pode ser valorada cun cero se o corrector/a non é capaz de ver de onde saíu o devandito resultado.
- Os erros nas unidades ou non poñelas descontará un 25% da nota do apartado.

- Un erro no cálculo considerárase leve e descontárase o 25% da nota do apartado, agás que os resultados carezan de lóxica e o alumnado non faga unha discusión acerca da falsidade do devandito resultado.

2.16.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE EN SECUNDARIA

Neste punto da programación indicamos unha serie de instrumentos de axuda para reflexionar sobre catro aspectos fundamentais na práctica docente:

PLANIFICACIÓN:

1. Programa-la materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe e o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
2. Seleccionar e secuenciar de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.
3. Programar actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
4. Planificar as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e as necesidades e intereses do alumnado.
5. Establecer os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe do alumnado.

MOTIVACIÓN DO ALUMNADO:

1. Plantear situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).
2. Relaciona-los aprendizaxes con aplicacións reais.
3. Estimular a participación activa dos alumnos e alumnas en clase.
4. Promover a reflexión dos temas tratados.

DESENVOLVEMENTO DO ENSINO:

1. Cando se introducen conceptos novos relacionalos, si é posible, cos xa coñecidos; intercalar preguntas aclaratorias; poñer exemplos...
2. Ter predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer apoios dentro e fora das clases.
3. Optimizar o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada bloque ou unidade didáctica.
4. Utilizar axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.
5. Promover o traballo cooperativo e manter unha comunicación fluida co alumnado.
6. Desenvolve-los contidos dunha forma ordeada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
7. Plantear actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
8. Plantear actividades grupais e individuais.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE:

1. Realiza-la avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ó nivel do alumnado.
2. Detectar os coñecementos previos de cada unidade didáctica/bloque.
3. Revisar, con frecuencia, os traballos propostos para a aula e para casa.
4. Proporciona-la información necesaria sobre a resolución das tarefas e cómo se poden mellorar.
5. Correxir e explicar de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos/as, e dar pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
6. Utilizar suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.
7. Propor novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron acadados suficientemente.
8. Propor novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron acadados con suficiencia.
9. Usar diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel do alumnado,etc.

3.BACHARELATO

3.1.OBXECTIVOS

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- ñ) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

3.2.FISICA E QUIMICA 1º DE BACHARELATO

Física e Química. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A actividade científica				
844. d 845. e 846. g 847. i 848. l 849. m	850. B1.1. Estratexias necesarias na actividade científica.	851. B1.1. Recoñecer e utilizar as estratexias básicas da actividade científica: formular problemas e emitir hipóteses, propor modelos, elaborar estratexias de resolución de problemas e deseños experimentais, analizar os resultados e realizar experiencias	852. FQB1.1.1. Aplica habilidades necesarias para a investigación científica: fai preguntas, identifica problemas, recolle datos, realiza experiencias, diseña e argumenta estratexias de resolución de problemas, utiliza modelos e leis, revisa o proceso e obtén conclusións. 857. FQB1.1.2. Resolve exercicios numéricos e expresa o valor das magnitudes empregando a notación científica, estima os erros absoluto e relativo asociados e contextualiza os resultados. 861. FQB1.1.3. Efectúa a análise dimensional das ecuacións que relacionan as magnitudes nun proceso físico ou químico. 863. FQB1.1.4. Distingue magnitudes escalares e vectoriais, e opera adecuadamente con elas. 865. FQB1.1.5. Elabora e interpreta representacións gráficas de procesos físicos e químicos a partir dos datos obtidos en experiencias de laboratorio ou virtuais, e relaciona os resultados obtidos coas ecuacións que representan as leis e os principios subxacentes. 870. FQB1.1.6. A partir dun texto científico, extrae e interpreta a información, e argumenta con rigor e precisión, utilizando a terminoloxía adecuada.	853. CAA 854. CCL 855. CMCCT 856. CSIEE 858. CAA 859. CMCCT 860. CSIEE 862. CMCCT 864. CMCCT 866. CAA 867. CCL 868. CD 869. CMCCT 871. CAA 872. CCL 873. CMCCT
874. d	880. B1.2. Tecnoloxías da información e da	882. B1.2. Utilizar e aplicar as tecnoloxías da	883. FQB1.2.1. Emprega aplicacións virtuais	884. CD

Física e Química. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
875. e 876. g 877. i 878. l 879. m	comunicación no traballo científico. 881. B1.3. Proxecto de investigación.	información e da comunicación no estudo dos fenómenos físicos e químicos.	interactivas para simular experimentos físicos de difícil realización no laboratorio. 886. FQB1.2.2. Establece os elementos esenciais para o deseño, a elaboración e a defensa dun proxecto de investigación, sobre un tema de actualidade científica, vinculado coa física ou a química, utilizando preferentemente as TIC.	885. CMCCT 887. CAA 888. CCL 889. CD 890. CMCCT 891. CSIEE
892. b 893. d 894. e 895. g 896. i 897. l 898. m	899. B1.1. Estratexias necesarias na actividade científica.	900. B1.3. Realizar en equipo tarefas propias da investigación científica.	901. FQB1.3.1. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.	902. CAA 903. CCL 904. CD 905. CMCCT 906. CSC 907. CSIEE
Bloque 2. Aspectos cuantitativos da química				
908. i	909. B2.1. Revisión da teoría atómica de Dalton.	910. B2.1. Explicar a teoría atómica de Dalton e as leis básicas asociadas ao seu establecemento.	911. FQB2.1.1. Xustifica a teoría atómica de Dalton e a descontinuidade da materia a partir das leis fundamentais da química, e exemplifícaa con reaccións.	912. CMCCT
913. i	914. B2.2. Leis dos gases. Ecuación de estado dos gases ideais.	915. B2.2. Utilizar a ecuación de estado dos gases ideais para establecer relacións entre a presión, o volume e a temperatura.	916. FQB2.2.1. Determina as magnitudes que definen o estado dun gas aplicando a ecuación de estado dos gases ideais. 918. FQB2.2.2. Explica razoadamente a utilidade e as limitacións da hipótese do gas ideal.	917. CMCCT 919. CMCCT
920. i	921. B2.3. Determinación de fórmulas em-	922. B2.3. Aplicar a ecuación dos gases ide-	923. FQB2.3.1. Determina presións totais e parciais dos gases dunha mestura, relacionando	924. CMCCT

Física e Química. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	píricas e moleculares.	ais para calcular masas moleculares e determinar fórmulas moleculares.	a presión total dun sistema coa fracción molar e a ecuación de estado dos gases ideais.	
			925. FQB2.3.2. Relaciona a fórmula empírica e molecular dun composto coa súa composición centesimal, aplicando a ecuación de estado dos gases ideais.	926. CMCCT
927. i	928. B2.4. Disolucións: formas de expresar a concentración, preparación e propiedades coligativas.	929. B2.4. Realizar os cálculos necesarios para a preparación de disolucións dunha concentración dada, expresala en calquera das formas establecidas, e levar a cabo a súa preparación.	930. FQB2.4.1. Expressa a concentración dunha disolución en g/L, mol/L, porcentaxe en peso e en volume; leva a cabo e describe o procedemento de preparación no laboratorio de disolucións dunha concentración determinada e realiza os cálculos necesarios, tanto para o caso de solutos en estado sólido como a partir doutra de concentración coñecida.	931. CMCCT
932. i	B2.4. Disolucións: formas de expresar a concentración, preparación e propiedades coligativas.	933. B2.5. Explicar a variación das propiedades coligativas entre unha disolución e o disolvente puro, e comprobalo experimentalmente.	934. FQB2.5.1. Experimenta e interpreta a variación das temperaturas de fusión e ebulición dun líquido ao que se lle engade un soluto, relacionándoo con algún proceso de interese no contorno.	935. CMCCT
			936. FQB2.5.2. Utiliza o concepto de presión osmótica para describir o paso de ións a través dunha membrana semipermeable.	937. CMCCT
938. i	939. B2.6. Métodos actuais para a análise de substancias: espectroscopía e espectrometría.	940. B2.6. Utilizar os datos obtidos mediante técnicas espectrométricas para calcular masas atómicas.	941. FQB2.6.1. Calcula a masa atómica dun elemento a partir dos datos espectrométricos obtidos para os diferentes isótopos deste.	942. CMCCT
943. i	944. B2.6. Métodos actuais para a análise de substancias: espectroscopía e espectrometría.	945. B2.7. Recoñecer a importancia das técnicas espectroscópicas que permiten a análise de substancias e as súas aplicacións para a detección destas en cantidades moi pequenas de mostras.	946. FQB2.7.1. Describe as aplicacións da espectroscopía na identificación de elementos e compostos.	947. CMCCT

Física e Química. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 3. Reaccións químicas				
